
O goberno dos Estados Unidos está planificando a protección da Base Naval Militar de Ferrol ante posibles "ataques terroristas". A futura construción dunha planta de gas nas inmediacións das instalacións militares fai que o Pentágono teña previsto desenvolver un plan de seguridade.

Segundo as autoridades norteamericanas, a ubicación do complexo enerxético convérteo nun perigo potencial co caso de que se producisen accións terroristas contra a planta regasificadora, que se situará no interior da ría de Ferrol. En febreiro do presente ano, o Ministerio de Defensa español e a Marina estadounidense chegaron a un acordo para que a VI Flota de EE.UU. e os buques da OTAN reiban apoio loxístico na Base Naval de Ferrol. Segundo poido saber KALEGORRIA, o proxecto de seguridade incluírá restricións de visitas, un exhaustivo control dos vehículos que entren na base e o aumento dos dispositivos de vixilancia para anticiparse a posibles situacións de emerxencia.

kalegorria.net (2002)

IMPUTAM A GALIZALIVRE.ORG NO JUÍZO CONTRA ALEXANDRE FERNÁNDES

galizalivre.org.- O día 16 de Outubro de 2002, un membro de galizalivre.org tivo que prestar declaración como imputado no xuízo que se esta a levar en Compostela contra o militante de AGIR, Alexandre Fernández.

Com a información da que dispoñemos neste momento, temos coñecemento de que Sílvia de la Fuente Bralo, presunta agredida por Alexandre Fernández imputa como participante na agresión á persoa que registrou o dominio de internet galizalivre.org. De esta maneira, o xulgado de instrución número 6 de Compostela cita como imputado num caso de lesións ao compañeiro deste portal.

Galizalivre.org tem coñecemento da preparación por parte de persoas vinculadas ao Partido Popular de Galicia dunha trama que vai tentar nas próximas semanas ou meses o feche desta páxina, polo que consideramos este primeiro paso como unha nova vaga repressiva focalizada nas persoas máis públicas que participan na elaboración diaria de galizalivre.org

A falha de argumentación legal para a retirada da web da internet, leva a estas persoas a comezar a mover ficha con argumentacións tam absurdas como imputar como participante numha agresión á persoa que recolle e publica unha noticia ou un comunicado de unha organización.

MAPUCHE TEHUELCHÉ Vs. BENETTON

A organización Mapuche Tehuelche 11 de outubro convida a todos/as a realizar accións de repúdio a Benetton en todo mundo.

As 8:40 da manñá do día 2 de outubro, 12 efectivos policiais muito armados chegaron ao campo Santa Rosa, situado na provincia de Chubut. Este campo havia sido recuperado recentemente por uma família Mapuche de humilde condición, a família Curiñanco.

O campo se encontra situado frente a uma propriedade da Benetton, mas não pertence a mesma. Sem dificultades a Benetton realizou uma denúncia exigindo o despejo da família Curiñanco, e a "justiça", como de costume, atua com toda celebridade quando se trata de defender os interesses dos ricos. A policía "desarmou" por completo o rancho de chapas dos Curiñanco e deixou a posto em um lugar uma casa com guarda permanente de dois policiais e um civil.

A Organización Mapuche Tehuelche 11 de Outubro realizará no próximo día 11 de outubro as 17 horas una reunión no acceso a Estância e Museu Leleque, rota nacional 40, Km. 1440, para logo, na madrugada do día 12 realizar un ngellipun* no lugar para reafirmar seus direitos e compromissos com a terra e um escrache*.

Os Mapuches convocam a todos/as aqueles/as que queiram somar-se a esta luta e o encontro ou a realizar accións de repúdio a Benetton no lugar onde se encuentre.

Esta historia não termina aqui, temos a oportunidade, os Mapuche e não Mapuche de escrever outro final: Os Curiñanco regresarão a sua terra e faremos desse modo um mundo respirável.

Organización Mapuche Tehuelche 11 de Octubre E-mail: puelmapu@terra.com.ar Casilla de Correo 34, (9200) Esquel, Chubut.

*Escrache é uma ação, algo como 'escracho' (escruchar alguém, algo), pode ser uma ação direta cujo o objetivo ou alvo pode ser uma pessoa, ou empresa, nesse caso uma ação direta contra a Benetton.

*Ngellipun (palavra mapuche) significa uma reunião de protesto, encontro entre as pessoas para um ato.

Retirado de www.azine.org (servidor de indymedia para Portugal)



ALGO QUE TUD*S SABEMOS: GARDA CIVIL E NARCOTRAFICO

Onte emitiu-se a sentença dum novo caso de membros da guarda civil implicados em redes mafiosas dedicadas ao tráfico de drogas. Celestino Pizarro e Francisco Javier Pedreño, membros da Unidade da Polícia Judiciária, asociáron-se a outros elementos com antecedentes por este tipo de delitos para iniciar o tráfico de êxtase através do aeroporto de madriheiro de Barajas. Contáron, ademais, com a participación de dous chivatos habituais e de empregados de Ibéria.

Umha vez experimentado o negócio do êxtase, a banda introduziu-se também no tráfico de cocaína. Para fazer passar a droga polo aeroporto tinham um sistema mui empregado pola Guarda Civil desde há anos: os próprios Pizarro e Pedreño "descobriam" o alixo, que era incautado e trasladado para a sua destruição: nesse traslado "desapareciam" duas terceiras partes da mercancia, que apareceria depois no mercado.

Um arousano foi condenado por pertencer à mesma banda, mentres dous habitantes de Marim fôrom finalmente absoltos por falta de provas.

Retirado de www.galizalivre.org

¿DEMOCRACIA?...¿NACIONAL?

Democracia Nacional, partido fascista de novo cunho, manifestou por meio de umha rolda de imprensa a sua intenção de apresentarse as próximas municipais de A Corunha.

Asseguram que som a única alternativa real aos "partidos tradicionales del sistema"

INMENSA A DE ANARQUÍA

O Sábado 12 de Outubro, vari@s individu@s pintaron umha enorme A de Anarquía no chao da Praza de María Pita, para disgusto de Paco Vázquez, que ordeou limpá-la por que "le molestaba a la vista"

A imprensa local citou o acto aludindo a que fora froito dumha intensa noite de alcohol.

DIA INTERNACIONAL ANTI Mc DONALD'S NA CORUNHA

Com ocassom do dia internacional contra Mc Donald's (16 de Outubro), umha ducia de pessoas concentraron-se diante da sucursal dessta multinacional na Corunha, para amossar o seu rejeitamento á comida-lijo e repartir entre @s pressentes pinchos de guacamole e panfletos nos que se advertía dos riscos para a saúde derivados do consumo da merda com a que esta empresa copa o mercado.

8 antidisturbios permanecerom tudo o rato que durou o acto na furgona que tinham aparcada na mesma rúa, ao resguardo da chuva.